

ACTIVIDADES E TAREFAS.

1. **Elabora un listado de inversións e gastos que será necesario realizar para poñer en marcha un dos seguintes negocios:**

- a) Un quiosco
- b) Un ximnasio

2. **Un taller de costura vende 10 camisetas diarias a 40€/ unidade. Calcula:**

- a) Os ingresos diarios.
- b) Os beneficios diarios dados os seguintes custos: salarios diarios (100€), materiais (150€) e aluguer (30€).
- c) Os beneficios por camiseta.

3. **Reflexos S.L. dedícase a fabricar espellos e vendeu 45.000 unidades o presente ano. Si o prezo de venda foi de 240€ por espello e os custos fixos foron de 3. 000. 000 € e o custe de producir cada espello foi de 125€. Calcula:**

- a) Cales foron os seus ingresos?
- b) Cal foi o seu beneficio?

4. **Que diferenza hai entre un préstamo e unha liña de crédito?**

5. **Fíxate no seguinte exemplo e completa a frase coa palabra axeitada:**

Un banco concede un a Laura por valor de 50.000€, que terminará de devolver nun prazo de cinco anos. Todos os meses, Laura devolverá unha cantidade composta polo capital a devolver máis os intereses.

6. **Clasifica as seguintes fontes de financiación en propias e alleas:**

- a) Crédito de 8 meses concedido por un banco.
- b) Parte do beneficio obtido pola empresa no exercicio económico que se retén para comprar nova maquinaria.
- c) Subvención estatal.
- d) Un inversor individual inviste capital na nosa empresa.
- e) Aprazamento de pago de 60 días dun proveedor.
- f) Carpa desmontable en servizo de renting para hostalaría.

7. **Busca en internet algunha axuda ou subvención para empresas que está vixente na actualidade. Podes atopar información nas seguintes páxinas web:**

- Ventanilla única empresarial: www.ventanillaunicaempresarial.org
- Instituto de Crédito Oficial: www.ico.es
- Instituto de la Mujer: www.inmujer.gob.es

8. **Investiga como funcionan as plataformas crowdfunding e coméntao co resto da clase. Podes axudarte dos seguintes enlaces:**

www.lanzanos.com

www.crowdacy.com/crowdfunding-espana/

<http://web.spaincrowdfunding.org/>